




CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel. 981 540 640
correo@ctvg.es www.ctvg.gal



Vista a solicitude formulada por ao abeiro do artigo 24 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sobre información pública "en papel, dos contratos mercantís celebrados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S. A. coas seguintes persoas físicas ou xurídicas relacionadas coas mesmas:", e das que se sinalan os seus nomes e apelidos, ha de significarse o seguinte:

1. O principio de accesibilidade máxima, acorde cunha configuración ampla do dereito de acceso require que a posibilidade de acceso sexa efectivamente a regra xeral, permitindo que o exercicio deste dereito recaia sobre todas as informacións das que disponen os poderes públicos.
2. Non obstante, *"la aplicación de los límites será justificada y proporcionada a su objeto y finalidad de protección y atenderá a las circunstancias del caso concreto, especialmente a la concurrencia de un interés público o privado superior que justifique el acceso"*.
3. Por isto, determinadas materias poden e deben xustificar a limitación do dereito de acceso á información, en virtude do disposto no artigo 14 LTAIPBG, ao que remite como lexislación básica a nosa lei autonómica de transparencia e bo goberno.
4. A este listado haberá de engadirse a protección de datos persoais que, pola súa natureza e especificidade, merece unha referencia separada no artigo 15 LTAIPBG.
5. No presente caso, procede concluír que non existen datos de carácter persoal que teñan a consideración de especialmente protexidos, aínda que se se incardinan na esfera intima e persoal dos titulares dos datos, polo que se debe valorar se son ou non datos meramente identificativos relacionados coa organización, o funcionamento ou a actividade pública do órgano ou entidade correspondente. Nun caso similar ao presente, o Consello de Transparencia entendeu que, a información que se solicita sobre os contratos mercantís de diferentes presentadores dun programa de televisión, non podía concluírse que, por unha banda, que se traten de datos meramente identificativos (xa que as retribucións van máis alá dese concepto) nin que se refiran á organización, funcionamento, ou actividade pública do órgano ao que se dirixe a solicitude. Este último argumento vese reforzado polo feito de que o cobro de honorarios profesionais cínguese ao marco laboral ou mercantil de carácter estritamente privado.



6. No caso que nos ocupa, non existe unha previsión legal que ampare tal cesión de datos e tampouco consta que as persoas físicas cuxos datos persoais se solicitan deran o seu consentimento para a cesión destes datos.
7. En consecuencia, queda por ver se existe un interese lexítimo, pública ou privado, que ampare dita cesión. A xuízo da CRTVG, constatado o prexuízo para o dereito fundamental á protección de datos persoais, non existe ese interese público ou privado superior que permita dar a información solicitada. En efecto, unha solicitude de acceso pensada únicamente para coñecer os contratos dos presentadores de televisión e radio" entendemos que non queda amparada polo obxectivo de transparencia da actuación pública entendido en relación con outros dereitos ou intereses que puideran verse prexudicados por canto, se se proporcionara o solicitado, unha vez se traspasou a liña da privacidade, o dano a dita esfera é irreparable.
8. En efecto, non debe esquecerse que o coñecemento das retribucións que perciben os profesionais sobre os que se interesa o reclamante revelaría, non só información de carácter persoal de cuxa cesión non prestaron o seu consentimento, senón que incluso podería prantexarse a repercusión que dita información puidera ter para futuros proxectos profesionais.
9. A maior abundamento, a publicidade dos datos solicitados afectaría non só aos datos persoais obxecto de protección, senón tamén aos dereitos dun terceiro, sendo totalmente contrario á práctica habitual e ao funcionamento deste mercado en competencia, a divulgación dos contidos e clausulado concreto dos contratos que se subscreiben.

Por conseguinte, RESOLVO que en base ás consideracións que se veñen de deixar expostas debe denegarse o acceso á información solicitada. Diante da presente resolución poderá interpoñerse a oportuna reclamación perante o Valedor do Pobo de conformidade co previsto no artigo 28.1 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

En Santiago de Compostela 14 de marzo de 2017



Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo